



# CONVOCATORIA DO XXVIII PREMIO DE NOVELA LONGA “BLANCO-AMOR”

## BASES

**PRIMEIRA.-** O premio estará dotado con 12.020 euros.

**SEGUNDA.-** Poderán participar nel todos os autores e autoras, de calquera nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial.

**TERCEIRA.-** As novelas terán unha extensión mínima de 150 folios mecanografados ou escritos en ordenador (tamaño de fonte 12), por unha soa cara e a dous espazos.

**CUARTA.-** As obras presentadas terán que ser inéditas.

**QUINTA.-** De cada obra presentaranse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite dirixido á CONCELLEIRA DE CULTURA do CONCELLO DE POIO, Praza do Mosteiro, nº1, 36995 POIO, facendo constar no exterior «Para o XXVIII Premio Blanco-Amor». Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indícaranse o nome e enderezo do autor ou autora, e de ser posible o seu teléfono e enderezo electrónico.

**SEXTA.-** O prazo de admisión dos orixinais rematará o día 30 de decembro de 2009. O ditame do xurado darase a coñecer no mes de marzo de 2010, en xuntanza que se celebrará no salón de sesións do Concello de Poio.

**SÉTIMA.-** O xurado do premio, nomeado nesta convocatoria polo Concello de Poio, estará composto por cinco membros que deberán ser escritores/as ou críticos/as literarios/as da literatura galega.

**OITAVA.-** O premio poderase declarar deserto, de non existiren obras de calidade axeitada a xuízo do xurado.

Neste caso, o importe destinarase a divulgar a obra de Eduardo Blanco-Amor entre as escolas e os centros culturais de Galicia.

**NOVENA.-** O xurado fará públicas as razóns nas que se fundou para a concesión do premio.

**DÉCIMA.-** A concesión do premio non implicará cesión dos dereitos de propiedade sobre a obra premiada. As obras non premiadas devolveranse aos/ás autores/as que o soliciten, no prazo dun mes, contando dende o día do veredicto. Os gastos de devolución serán a cargo dos/as autores/as. En caso de non recollese dentro deste prazo, os orixinais serán destruídos.

**DÉCIMA PRIMEIRA.-** A entrega do premio terá lugar no mes de Abril de 2010, nun acto público que se convocará oportunamente.

**DÉCIMA SEGUNDA.-** O feito de concorreren a este premio presupón que os/as autores/as aceptan as bases do mesmo.

**DÉCIMA TERCEIRA.-** Nos aspectos non contemplados nestas bases decidirá a entidade organizadora.

Poio, outubro 2009